

# ANÁLISE DO COMPORTAMENTO DOS ÍNDICES DE PREZOS. COMPARACIÓN GALICIA-ESPAÑA

MATILDE ARRANZ PÉREZ / MARÍA JOSÉ LODEIRO HERMIDA

Departamento de Economía Aplicada II

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Universidade da Coruña

Recibido: 17 abril 1997

Aceptado: 13 xaneiro 1998

**Resumo:** O obxectivo deste traballo é facer un estudo da evolución temporal do índice de prezos de consumo e dos índices de prezos dos oito grupos de gasto en bens e servicios da clasificación da Encuesta de Presupuestos Familiares, analizando taxas de variación e participación e comparando a situación da Comunidade Autónoma de Galicia con España. O período de tempo abrangue dende xaneiro de 1977 ata setembro de 1996. Os datos son da base TEMPUS do INE.

**Palabras Clave:** Índices de prezos / Prezos relativos / Prezos sectoriais / Participacións / Repercusións.

## ANALYSIS OF PRICE INDICES PERFORMANCE. GALICIA-SPAIN COMPARISON

**Summary:** The aim of this paper is to study the seasonal evolution of consumer price indices and the indices of the eight spending groups in goods and services of the classification of the Poll of Family Budgets, analysing variation indexes and participations and comparing the situation in Galician Autonomous Community with that of Spain. The period of time spans from January 1977 to September 1996. The figures are from INE dbase TEMPUS.

**Keywords:** Price indices / Relative prices / Sectorial prices / Participations / Repercussions.

## INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste traballo é o estudo da evolución temporal dalgúns índices de prezos, comparando o comportamento destes no ámbito nacional co que teñen para a Comunidade Autónoma de Galicia.

Realizámolo estudo para o Índice Xeral de Prezos de Consumo e para os oito grandes grupos:

- |  |                                      |
|--|--------------------------------------|
| 1. Alimentos, bebidas e tabaco.          | 5. Medicina e conservación da saúde. |
| 2. Vestido e calzado.                    | 6. Transportes e comunicacíons.      |
| 3. Vivenda.                              | 7. Lecer, ensinanza e cultura.       |
| 4. Equipamento e servicios para o fogar. | 8. Outros bens e servicios.          |

Os índices mensuais utilizados foron recollidos do banco de datos TEMPUS do INE. Para España, dispuxemos das seguintes series: dende xaneiro de 1976 ata xuño de 1985, en base 1976; dende agosto de 1985 ata decembro de 1992, en base 1983; dende decembro de 1992 ata setembro de 1996, en base 1992. No caso de

Galicia, as series comezan en xaneiro de 1978 e teñen a mesma extensión e as mesmas bases ca no caso anterior.

Para elabora-las series en base 1983, obtivémo-los correspondentes enlaces a través das series mensuais en base 1976 e 1983 para os anos 1984 e 1985, publicados polo INE, e para enlaza-las series 1983 e 1992 utilizámo-la serie mensual de 1992 na dobre base.

Os enlaces legais que utilizamos foron os mesmos que utilizara o INE: para o enlace 76/83, o cociente entre xullo de 1983 (base 1983) e xullo de 1983 (base 1976), e para o enlace 83/92, o cociente entre decembro de 1992 (base 1992) e decembro de 1992 (base 1983).

As ponderacións utilizadas ó longo deste traballo foron tomadas de diferentes publicacións do INE: as correspondentes á base de 1992 de *Índice de Precios de Consumo. Base 1992. Metodología*, e as correspondentes ás bases de 1983 e de 1976 de *Índice de Precios de Consumo. Años 1984 y 1985. Enlace de Series*.

O traballo desenvólvese en catro apartados. No primeiro, que ten carácter introductorio, faise referencia ó obxectivo, ás fontes utilizadas e ó seu desenvolvemento posterior. No segundo, detállase a evolución temporal dos índices de prezos, analizando os aspectos máis significativos desa evolución en canto ás súas taxas de crecemento e ó comportamento dos índices de prezos relativos e dos índices de prezos sectoriais. O terceiro apartado dedícase ó estudio da participación dos prezos de cada grupo na variación do índice xeral de prezos. E no cuarto enuméranse algunas das que nos parecen máis importantes conclusóns.

Tódalas gráficas incluídas ó longo destas páxinas incorporan, xunto coa liña que expresa a evolución temporal da variable, unha liña que representa a tendencia e que foi obtida a través do filtro de Hodrick e Prescott.

## **EVOLUCIÓN TEMPORAL DOS ÍNDICES DE PREZOS**

Para a realización deste apartado elaboramos, para o índice xeral (IPC) e para cada un dos grupos ( $IP_i \ i=1, 2, \dots, 8$ ), unha serie en base 1992 dende xaneiro de 1977 para España e dende xaneiro de 1978 para Galicia. As dúas series abranguen ata setembro de 1996.

### **TAXAS DE CRECIMIENTO**

As taxas de crecemento medio anual, que foron calculadas a través da expresión

$$T = (\text{antl.} [(\ln IP_t - \ln IP_{t-1}) / n]) - 1) * 100$$

foron de arredor do 8,79% para o IPC nacional (1977-1995) e do 8,75% para o IPC de Galicia (1978-1995). Nos últimos dez anos esas taxas anuais medias reducíron-

se ó 5,81% e ó 5,93%, respectivamente. Ó considerar só o período 1992-1995, os resultados foron de 4,65% para España e 4,82% para Galicia. Pódese observar ó analizar estes datos que o ritmo de crecemento anual do IPC en Galicia foi superior á media nacional nos últimos anos.

Polo que respecta ós diferentes grupos de bens e servicios que integran a cesta da compra, cabe resalta-los seguintes resultados:

- Para o conxunto de España no período 1978-1995, o grupo con menor taxa de crecemento anual é o de alimentos, bebidas e tabaco (7,78%) e o de maior ritmo de crecemento medio o doutros bens e servicios (11,21%). No caso de Galicia, o comportamento é análogo cunhas taxas moi próximas ás sinaladas.
- Entre os anos 1985 a 1995, tanto para España como para Galicia, o sector con maior ritmo de crecemento foi o doutros bens e servicios, ó igual ca no período anterior. Sen embargo, o sector que medrou cunha taxa máis baixa, incluso por debaixo da do IPC, foi o de menaxe e servicios para o fogar (en torno a 4,8% nos dous casos).
- A partir do ano 1992, tanto para España como para a comunidade galega, o grupo que menos medra é o de vestido e calzado, facéndoo cun ritmo anual medio inferior en más dun punto ós correspondentes IPC. Na situación oposta están, en España, o grupo de transporte e comunicacións cunha porcentaxe media anual punto e medio maior co IPC, e en Galicia, o grupo doutros bens e servicios, cunha diferencia anual coa taxa do IPC incluso maior ca que ten España no sector de transportes e comunicacións que comentamos.

## ÍNDICES DE PREZOS RELATIVOS

Para facermos unha análise máis polo miúdo da evolución temporal dos diferentes índices de prezos, e poder comparalos co índice de prezos xeral, calculámolo os índices de prezos relativos de cada sector con respecto ó IPC nos casos español e galego.

$$IPR_i = IP_i / IPC \quad i=1,2,\dots,8$$


Co fin de poder interpretar correctamente as gráficas que de seguido se inclúen, é necesario ter en conta o seguinte comentario: posto que os índices de prezos están en base 1992=100, os índices relativos valerán 1 nese ano; polo tanto, para os períodos anteriores ó ano 1992, que o índice relativo sexa maior ca 1, con tendencia decrecente, significa que o índice do grupo medra menos que o índice xeral. En efecto, se o numerador está máis preto de 1 que o denominador, para converxer a 1 no ano 1992, o denominador terá que medrar máis rapidamente. É dicir, medra o numerador máis a modo que o denominador, o índice do grupo medra a menor ritmo do que o fai o índice xeral. A partir do ano 1992, que o índice relativo sexa maior ca 1, con

tendencia crecente, significa, pola contra, que o índice do grupo medra a maior ritmo có índice de prezos de consumo.


Cando o cociente do índice relativo sexa menor ca 1, con tendencia crecente, para os períodos anteriores a 1992, significará que aumenta cunha maior taxa o numerador có denominador. O índice do grupo medra a máis ritmo có índice xeral. Para períodos posteriores a 1992, que o índice relativo sexa menor que 1 e teña tendencia a decrecer, significa que o numerador medra a menor ritmo có denominador.




Tal e como se mostra nas gráficas 1 a 5, a evolución dos prezos relativos dos grupos de alimentos, bebidas e tabaco; vestido e calzado; equipamento e servicios para o fogar; transportes e comunicacións; e outros bens e servicios é moi similar nos casos de España e Galicia.

**Gráfica 1.-** Índice de prezos relativos. Alimentos, bebidas e tabaco



**Gráfica 2.-** Índice de prezos relativos. Equipamento para o fogar



**Gráfica 3.-** Índice de prezos relativos. Outros gastos**Gráfica 4.-** Índice de prezos relativos. Vestido e calzado**Gráfica 5.-** Índice de prezos relativos. Transportes


Os índices de prezos de alimentación medran sempre a un ritmo inferior ós índices de prezos de consumo e de igual maneira compórtanse os índices do grupo de menaxe e servicios para o fogar. A tendencia decrecente destes índices relativos é moi clara, o que significa que, efectivamente, existe unha tendencia a medrar con taxas menores ó IPC nestes dous grupos en España e en Galicia.

Xusto o contrario ocorre cos índices de prezos do grupo doutros bens e servicios, que medran, durante todo o período, cun ritmo moito maior có índice xeral de prezos. A tendencia na evolución deste índice relativo é tamén moi clara.

Menos concluíntes son as evolucións dos índices relativos dos outros dous grupos ós que fixemos referencia: o índice de prezos do vestido e calzado medrou con maiores taxas cós IPC correspondentes ata a metade dos anos 80, aproximadamente, mostrando dende aquela un ritmo de crecemento inferior ó índice xeral; os índices nos transportes e comunicacions tiveron diferentes comportamentos ó longo do período, pero dende o ano 1990 veñen medrando con taxas superiores ás do IPC.

No caso do grupo de vivenda (gráfica 6), a evolución temporal do índice de prezos relativos tamén foi semellante en España e en Galicia. Durante unha gran parte do período, o crecemento foi máis forte para o grupo que para o índice xeral e, sobre todo, a partir do ano 1987 esta diferencia vén facéndose máis importante para Galicia. Para unha mellor interpretación destas dúas gráficas debe terse en conta que, a partir do ano 1993, os índices de prezos da vivenda, calculados no novo sistema, non inclúen os alugueiros ficticios ou imputados. Este feito queda claramente reflectido na importante diminución que tivo a ponderación do grupo, pasando de 185,6 por mil na base de 1983 a 102,8 por mil na base de 1992.


**Gráfica 6.-** Índice de prezos relativos. Vivenda




Unha especial referencia debe facerse dos grupos correspondentes a medicina e conservación da saúde (gráfica 7) e lecer, ensinanza e cultura (gráfica 8). No primeiro caso, os índices de prezos relativos nacional e rexional foron, praticamente na totalidade do período, inferiores á unidade, pero cunha evolución diferente. Tanto no caso de España como no de Galicia, no período que inclúe aproximadamente ata finais de 1981 e dende 1993, as taxas de crecemento do índice de prezos do grupo de

medicina foron menores cás do índice xeral; sen embargo, no período intermedio, o índice español do grupo claramente medra máis có IPC, pero no caso de Galicia a situación é moito máis variable. No segundo caso, isto é, no que se refire ós índices de prezos do grupo de educación e cultura, no caso de España, o crecemento do índice do grupo foi sempre inferior ó do IPC e parece mante-la tendencia neste sentido; no caso de Galicia, durante case todo o tempo houbo un crecemento lixeiramente maior do índice do grupo.

**Gráfica 7.-** Índice de prezos relativos. Medicina



**Gráfica 8.-** Índice de prezos relativos. Cultura



## ÍNDICES DE PREZOS SECTORIAIS

Para compara-la magnitude e a evolución dos índices de prezos de Galicia respecto ós correspondentes índices no ámbito nacional, definímos-los índices de prezos sectoriais, obténdoos a través dos seguintes cocientes:


$$\begin{aligned} & IPiGA / IPiESP \quad i = 1, 2, \dots, 8 \\ & IPCGA / IPCESP \end{aligned}$$

Para facérmo-la comparación máis sinxela, cambiámolo a base a 1978=100, co que obtemos para este ano o valor medio de cada un dos índices. Deste modo, cando o cociente sexa superior a un, mostrará un crecemento maior o numerador (índice para Galicia) có denominador (índice para España). Cando o cociente sexa inferior a un mostrarse menos inflacionista o índice galego.


Segundo pode observarse na gráfica 9, a tendencia estivo sempre por debaixo da unidade no caso do índice de prezos de consumo, o que indica que o índice de prezos de consumo galego medrou menos có español na práctica totalidade do período considerado, anque as diferencias son, en moitos casos, inapreciables. Non obstante, parece que esas diferencias son incluso menores nos últimos anos, o que é coherente co xa comentado respecto das taxas de crecemento.

Tamén medraron, en xeral menos cós de España, os índices de prezos dos grupos de alimentos, bebidas e tabaco; mobles e equipamento do fogar; e outros bens e servicios. Non obstante, o grupo de índices que en Galicia supuxo unha menor porcentaxe de crecemento con respecto á do resto do territorio español foi o de medicina e conservación da saúde. Estes índices sectoriais mostran ademais unha clara tendencia a decrecer (gráficas 10 a 13).


**Gráfica 9.-** Índice de prezos de consumo. Galicia/España




**Gráfica 11.-** Índices de prezos de equipamento do fogar. Galicia/España




**Gráfica 10.-** Índices de prezos de alimentación. Galicia/España







**Gráfica 12.-** Índices de prezos de medicina. Galicia/España



**Gráfica 13.-** Índices de prezos doutros gastos. Galicia/España


Os índices de prezos dos grupos de vestido e calzado, de vivenda e de lecer, ensinanza e cultura (gráficas 14 a 17), foron durante o período considerado, en xeral, maiores en Galicia ca en España, mostrando, sobre todo nos dous últimos grupos, unha clara tendencia a medrar. No caso do grupo de transportes e comunicacións, a evolución dos índices foi máis irregular e, anque os índices de prezos galegos medraron máis cós nacionais durante algún tempo, o sentido parece ter cambiado nos últimos anos cara a un crecemento menor.

**Gráfica 14.-** Índices de prezos de vestido e calzado. Galicia/España**Gráfica 15.-** Índices de prezos de vivenda. Galicia/España**Gráfica 16.-** Índices de prezos de cultura. Galicia/España**Gráfica 17.-** Índices de prezos de transportes. Galicia/España


## EVOLUCIÓN RECENTE

Para termos unha idea máis próxima, aínda que no tan ampla, de cómo están evolucionando os índices de prezos dos diferentes grupos en Galicia e en España, mostramos de seguido unhas gráficas (gráficas 18 a 26) nas que están representados cada un dos índices (indicados no ángulo superior esquerdo de cada cadro) para Galicia e España, dende xaneiro de 1993, data na que se calculan os índices coa nova cesta da compra elaborada a partir da *Encuesta de presupuestos familiares* do ano 90/91. Nelas pode observarse con facilidade que o índice de prezos de consumo galego medrou máis có español durante os case tres anos considerados, e o mesmo ocorreu cos prezos do vestido e calzado, o equipamento do fogar e outros bens e servicios; nos últimos meses tamén son maiores os prezos da vivenda e da educación. Só son inferiores os do grupo de medicina e conservación da saúde, grupo no que a partida con máis peso (case o 50%) é a de servicios extrahospitalarios de médicos, enfermeiros e outros gastos.


**Gráfica 18**




**Gráfica 19**








**Gráfica 20**



**Gráfica 21**



**Gráfica 22****Gráfica 23****Gráfica 24****Gráfica 25****Gráfica 26**

## PARTICIPACIÓN DE CADA GRUPO NA VARIACIÓN DO ÍNDICE XERAL DE PREZOS

Co obxecto de analiza-la incidencia que a variación nos prezos de cada un dos

grupos ten no crecemento xeral dos prezos, terá que calcularse o cociente entre a repercusión que cada grupo ten no índice xeral e a taxa de variación do IPC:

$$Pi = Ri / TVIPC$$

A repercusión para cada un dos grupos é a variación que o índice xeral experimentaría se só variasen no período considerado os prezos dese grupo, é dicir, é a parte de variación do IPC que corresponde ó grupo considerado. Loxicamente, a suma das repercusiósns de tódolos grupos debe coincidir coa taxa de variación no período do IPC.

A repercusión calcúlase como:

$$(1) \quad Ri = \frac{IPi^t - IPi^{t'}}{IPC^{t'}} * Wi * 100$$

na que  $Wi$  é a ponderación do grupo  $i^o$ .

Obtivemos para cada mes as repercusiósns interanuais de cada un dos grupos, utilizando a serie de índices de prezos en base 1992, a través da seguinte expresión:

$$(2) \quad Ri = \frac{KIPC}{Ki} * \frac{IPi'^{92} - IPi^{t'}92}{IPC'^{92}} * Wi,j * 100$$

na que  $i$  = grupos 1, 2, ..., 8;  $j$  = bases 1976, 1983, 1992;  $KIPC$ : o enlace correspondente ó índice xeral nas bases 76/92 e 83/92, respectivamente;  $Ki$ : o enlace correspondente ó índice de prezos de cada grupo nas bases 76/92 e 83/92, respectivamente.

Os enlaces 76/92 calcúlanse para o índice xeral e para cada grupo como producto dos correspondentes enlaces 76/83 e 83/92. Isto é:

$$(3) \quad K76/92 = K76/83 * K83/92$$

Pode demostrarse que as repercusiósns obtidas mediante a expresión (2) coinciden coas calculadas a través da expresión (1):


$$\begin{aligned} Ri &= \frac{KIPC}{Ki} * \frac{IPi'^{92} - IPi^{t'}92}{IPC'^{92}} * W_{i,j} * 100 = \frac{\frac{IPi'^{92}}{Ki} - \frac{IPi^{t'}92}{Ki}}{\frac{IPC'^{92}}{KIPC}} * W_{i,j} * 100 = \\ &= \frac{IPi_j^t - IPi_j^{t'}}{IPC_j^{t'}} * W_{i,j} * 100 \end{aligned}$$

Naturalmente, a suma desas repercuśóns é a taxa de variación do IPC.


$$\begin{aligned}
 \sum_i R_j^t &= R1_j^t + R2_j^t + \dots + R8_j^t = \\
 &= \frac{KIPC}{K1} * \frac{IP1_{92}^t - IP1_{92}^{t'}}{IPC_{92}^t} * W1_j + \dots + \frac{KIPC}{K8} * \frac{IP8_{92}^t - IP8_{92}^{t'}}{IPC_{92}^t} * W8_j = \\
 &= \frac{KIPC}{IPC_{92}^t} * \left[ \frac{IP1_{92}^t - IP1_{92}^{t'}}{K1} * W1_j + \dots + \frac{IP8_{92}^t - IP8_{92}^{t'}}{K8} * W8_j \right] = \\
 &= \frac{KIPC}{IPC_{92}^t} * \left[ \frac{IP1_j^t * K1 - IP1_j^{t'} * K1}{K1} * W1_j + \dots + \frac{IP8_j^t * K8 - IP8_j^{t'} * K8}{K8} * W8_j \right] = \\
 &= \frac{KIPC}{IPC_{92}^t} * \left[ (IP1_j^t * W1_j + \dots + IP8_j^t * W8_j) - (IP1_j^{t'} * W1_j + \dots + IP8_j^{t'} * W8_j) \right] = \\
 &= \frac{KIPC}{IPC_{92}^t} * (IPC_j^t - IPC_j^{t'}) = KIPC * \frac{IPC_j^t - IPC_j^{t'}}{IPC_j^{t'} * KIPC} = \frac{IPC_j^t - IPC_j^{t'}}{IPC_j^{t'}} = TVIPC
 \end{aligned}$$







Unha vez calculadas as repercuśóns obtivemos como cociente entre a repercuśión e a taxa de variación do IPC a participación de cada grupo na variación do índice xeral. Segundo pode observarse nas gráficas 27 a 34, que recollen a evolución temporal das participacións (en tanto por un) dos diferentes grupos, estas son moi diferentes en contía e evolución.

**Gráfica 27.-** Participación de alimentos, bebidas e tabaco



**Gráfica 28.-** Participación de vestido e calzado



**Gráfica 29.-** Participación de vivenda**Gráfica 30.-** Participación de fogar**Gráfica 31.-** Participación de medicina**Gráfica 32.-** Participación de transporte**Gráfica 33.-** Participación de cultura**Gráfica 34.-** Participación doutros gastos

A participación máis baixa no ámbito nacional ó longo do período considerado (xaneiro de 1978 a setembro de 1996) correspondeulle ó grupo de medicina e conservación da saúde, mostrando a súa liña de variación en torno ó 3%. É o grupo que

menos afectou á suba do índice xeral. En concreto, a participación do grupo na variación do índice de prezos de consumo, en setembro de 1996, é do 3,1%, é dicir, atendendo ó último dato da serie temporal considerada, este grupo repercutiu cun 0,11% na suba do 3,6% do índice xeral.

No extremo oposto está o grupo de alimentos, bebidas e tabaco, que ten a súa participación entre o trinta e o corenta por cento ó longo de case todo o período, mostrando unha moi débil tendencia a diminuír. Para unha correcta interpretación da gráfica correspondente a este grupo, debe terse en conta, por un lado, que este é o grupo ó que lle corresponde a maior ponderación (293,6 por mil na base de 1992) e, por outro lado, que as variacións anuais obtidas para os meses de xaneiro a novembro de 1993 foron utilizando índices metodoloxicamente tratados en forma diferente, no que a productos estacionais (de grande importancia no grupo) se refire.

En canto á tendencia na evolución das participacións hai que sinalar que esta é claramente crecente en dous casos: no grupo doutros bens e servicios e, sobre todo, no grupo de transporte e comunicacóns.

Co obxecto de realizar unha análise comparativa do comportamento das participacións, obtívemo-lo valor das repercuśóns en Galicia utilizando, como fixemos para España, a expresión (2). Como non puidemos disponer das ponderacións na base de 1976 para os diferentes grupos de gasto na Comunidade Autónoma, restrinxímos-lo estudio ó período agosto de 1985 a setembro de 1996.







Para unha mellor interpretación das semellanzas e diferencias na evolución temporal das participacións de cada grupo nas variacións dos índices xerais español e galego, móstranse, a continuación, as correspondentes gráficas (gráficas 35 a 42).

**Gráfica 35.-** Participación de alimentos, bebidas e tabaco




**Gráfica 36.-** Participación de vestido e calzado



**Gráfica 37.-** Participación de vivenda**Gráfica 38.-** Participación de fogar**Gráfica 39.-** Participación de medicina**Gráfica 40.-** Participación de transporte**Gráfica 41.-** Participación de cultura**Gráfica 42.-** Participación doutros gastos

A continuación inclúese unha gráfica (gráfica 43) que foi elaborada calculando previamente, para Galicia e para España, as participacións medias anuais durante o período 1986-1995. A representación gráfica a través de diagramas de sectores non permite observar tan facilmente a evolución temporal, sen embargo ten a vantaxe de que permite valora-lo peso relativo da participación de cada grupo con respecto á dos demás.

**Gráfica 43.- Participacións medias anuais 1986-1995**



No reparto anual pode observarse que o menor peso no período considerado rexístra, como xa se comentou, o grupo de medicina e conservación da saúde. Séguenlle en importancia os grupos de equipamento e servicios para o fogar e de lecer, ensinanza e cultura. A participación media conxunta dos tres grupos é de arredor do 16% no período.

En xeral, a composición anual por grupos presenta unha forma análoga en ámbolos dous casos.

Para finalizar este apartado, temos que sinalar que se efectuou un segundo cálculo das participacións a través dun concepto alternativo das repercusións. Obtivemos estas últimas utilizando, para todo o período, os índices de prezos enlazados na base de 1992 e as ponderacións de cada grupo neste sistema.

Obviamente, o resultado non ten significación económica real, pero permite observar o que o prezo de cada grupo suporía na variación habida no índice xeral, se o reparto das ponderacións na cesta fora a actual, é dicir, se a estructura da cesta da compra de 1992 fose válida para todo o período de referencia.

Os resultados, ata xaneiro de 1993, momento no que as dúas formas de obte-las participacións dan idénticos valores, foron, basicamente, os seguintes:

- No caso de España influirían en menor medida os grupos de alimentos, bebidas e tabaco (nalgúns períodos ata case 6 puntos menos), vivenda (entre os anos 1988 e 1992 entre 8 e 10 puntos menos, anque debe terse en conta o problema dos alugueiros imputados, que xa foi comentado) e equipamento e servicios para o fogar (neste caso as diferencias son pouco importantes). Pola contra, influirían en maior medida os prezos correspondentes ós grupos de vestido e calzado (en torno a 2 puntos máis ó longo do período), transporte e comunicacións (que nos primeiros anos chegou a alcanzar case 10 puntos máis), outros bens e servicios (con diferencias en torno a seis puntos para os anos posteriores a 1985) e educación, lecer e cultura (obsérvase neste último, moi timidamente, o efecto mencionado). As diferencias para o grupo de medicina e conservación da saúde son pouco importantes cuantitativamente e de signos distintos durante o período.
- No caso de Galicia, tendo presente que o período de comparación neste caso volve ser dende agosto de 1985 a setembro de 1996, podemos dicir, en primeiro lugar, que o sentido das diferencias é o mesmo en tódolos casos agás no grupo de equipamento e servicios para o fogar, no que áinda sendo as diferencias pouco importantes, como ocorría co grupo no ámbito nacional, en Galicia serían positivas en case todo o período. En segundo lugar, debe sinalarse que as diferencias cuantitativas entre os valores das participacións obtidas mediante os dous sistemas comentados, son maiores en Galicia ca en España para o caso dos grupos de alimentos, bebidas e tabaco; vivenda; transporte e comunicacións; e lecer, ensinanza e cultura, sendo bastante importantes en xeral e particularmente no último grupo mencio-

nado.

## CONCLUSIÓNS

Realizamos unha análise para o período de tempo comprendido entre xaneiro de 1977 e setembro de 1996 da evolución dos índices de prezos nacionais e galegos correspondentes ós oito grandes grupos de gasto da *Encuesta de presupuestos familiares* e o *Índice de Precios General*. Os datos mensuais corresponden ós facilitados polo INE.

Entre as numerosas observacións que da análise dos prezos e da comparación Galicia-España se poden realizar, destacaremos algunas:

- 1) O grupo cun índice de prezos ó longo do período que medrou cunha maior taxa foi o doutros bens e servicios, tanto no caso de España como no de Galicia, cunha taxa media anual aproximadamente igual ó 11%. Evolucionaron con taxas anuais medias superiores ás do índice xeral, no caso de España, os índices de prezos dos grupos de transporte e comunicacíons; vestido e calzado; vivenda; e medicina e conservación da saúde e, no caso de Galicia, os índices de prezos dos grupos mencionados agás o de medicina e conservación da saúde, que o fixo cunha taxa inferior á do IPC galego.
- 2) Cando se consideran períodos máis curtos, próximos ó ano 1996, as taxas medias anuais de crecemento vanse reducindo en España e en Galicia, anque para o índice xeral se mostran superiores nos últimos anos no caso da Comunidade Autónoma.
- 3) Os índices de prezos correspondentes ós grupos de alimentos, bebidas e tabaco e equipamento e servicios para o fogar mostran tendencia a medrar con taxas menores cós índices de prezos de consumo, tanto en Galicia como en España. Nos últimos anos, esta situación preséntase tamén para os índices de prezos do vestido e calzado. Xusto ó contrario, con clara tendencia a medrar máis có IPC, móstranse os índices de prezos do grupo doutros bens e servicios.
- 4) O grupo de índices que medrou a menor ritmo respecto do español foi o de medicina e conservación da saúde, mostrando ademais unha clara tendencia a diminuír. Xustamente ó contrario ocorre cos índices de prezos da vivenda e a educación en Galicia con respecto a España.
- 5) A partir de xaneiro de 1993, data na que se calculan os índices de prezos utilizando a nova configuración da cesta da compra, foron sempre maiores en Galicia ca en España os índices de prezos correspondentes ós grupos de vestido e calzado; equipamento e servicios para o fogar; e outros bens e servicios e, con moi poucas excepcións, no ano 1996 os de alimentos, bebidas e tabaco. Os únicos índices de prezos que, en Galicia, se mostraron inferiores foron os correspondentes ó grupo de medicina e conservación da saúde.
- 6) A participación máis alta na variación do índice xeral de prezos correspónelle ó grupo de alimentos, bebidas e tabaco, sen que mostre unha clara tendencia a dimi-

nuír. Cómpre destacar, pola súa evolución e contía, a tendencia crecente na participación do grupo de transporte e comunicacóns.

- 7) A evolución das participacións dos diferentes grupos na variación do índice xeral é similar en España e en Galicia, sendo no grupo de educación, lecer e cultura onde se mostran as maiores diverxencias. En relación co valor da participación señalaremos que é praticamente igual nos grupos de alimentos, bebidas e tabaco; vestido e calzado; e transporte e comunicacóns, e no grupo no que se observan diferencias maiores é o de medicina e conservación da saúde.

## BIBLIOGRAFÍA

- INE: *Boletines mensuales de Estadística. Años 1977 y 1978*. Madrid  
INE: *Índice de Precios de Consumo. Base 1983. Monografía técnica*. Madrid  
INE (1986): *Índice de Precios de Consumo. Años 1984 y 1985. Enlace de Series*. Madrid  
INE: *Índice de Precios de Consumo. Base 1992. Metodología*. Madrid  
INE (1995): *Índice de Precios de Consumo. Base 1992. Series Enlazadas*. Madrid

